

## Alcer recibe asistencia xurídica gratuita do despacho de avogados Dobarro&Sanesteban

REDACCIÓN > FERROL


■ A Asociación de Loita Contra as Enfermidades do Ril de A Coruña (Alcer) firmou onte un convenio de colaboración co despacho de avogados Dobarro&Sanesteban polo que a entidade que preside Rafael Rodríguez disporá do servizo de asesoramento xurídico totalmente gratuito.

Esta colaboración é posible grazas ao programa social posto en marcha por estes avogados, que pretenden por a disposición de asociacións como Alcer a súa experiencia e profesionalidade no campo xurídico y, desta forma, por o seu grao de area "nunha sociedade que necesita que se implique con aqueles colectivos máis

desfavorecidos e sen recursos", subliñaron desde o despacho de avogados. Pola súa banda, Alcer conseguiu que tanto a asociación como os seus asociados conten cun respaldo xurídico sólido.

Neste senso, Rafael Rodríguez, que firmou o acordo con Cristóbal Dobarro na sede da Asociación Sociocultural de Minusválidos (ASCM), destacou a colaboración como "moi beneficiosa" xa que permitirá dipor de axuda en temas relacionados coas xubilacións, minusvalías, demandas, reclamacións, etc. "Estamos encantados, pois supón ter unha asesoría xurídica totalmente gratuita para Alcer", sinala.

Neste senso, engade que para



Acto de firma de colaboración

os socios da entidade ou para aquelas persoas derivadas por Alcer ao despacho de avogados a primeira consulta realizada será gratuita e as sucesivas contará

un 20% de desconto por parte de Dobarro&Sanesteban.

O presidente de Alcer amosou a súa satisfacción polo acordo alcanzado, que nun principio será indefinido segundo acorden ambas dúas partes. "Estamos encantados pois nós, ao enfermar, necesitamos este servizo, que supón unha vantaxe tremenda", destacou Rafael Rodríguez.

Así mesmo, fixo fincapé en que "foron eles os que se dirixiron a nós para ofrecernos a asesoría; é a primeira vez que unha empresa fai isto". Por iso, Alcer agradeceu o feito de poder contar con este despacho de avogados polo que supón que empresas privadas e profesionais dos distintos campos se impliquen na axuda a este tipo de asociacións.

O convenio firmouse na sede da ASCM, entidade que colabora con Alcer ofrecendo as súas instalacións para o desenvolvemento das súas actividades.